

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA) E A FUNDACIÓN CEL INICIATIVAS POR LUGO, PARA A CONTINUIDADE DA AERONAUTICS BUSINESS FACTORY- BFAERO NA SEXTA, SÉTIMA E OITAVA EDICIÓN.

Dunha parte, MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o dito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación da Consellería de Economía e Industria, do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, **Igape**), como Presidenta da entidade en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e de XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, **XesGalicia**), na súa calidade de presidenta do seu Consello de Administración, en virtude do disposto no artigo 18 dos seus estatutos.

Doutra parte, D. LUÍS GARCÍA SANTALLA, en nome e representación da Fundación CEL Iniciativas por Lugo (en diante, **Fundación CEL**), CIF G-27213206, na súa calidade de presidente e CEO da entidade, en virtude da escritura de apoderamento número 4.422 do 25 de outubro de 2022, outorgada ante o ilustre notario de Lugo D. Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias e con poderes suficientes para a sinatura do presente convenio en virtude do establecido na citada escritura de apoderamento.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. A Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde, entre outras, o exercicio de funcións en materia de apoio xeral ao sector empresarial, fomentando a mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e na innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización; así como a promoción industrial, solo empresarial, asesoramento e información na materia de propiedade industrial, administración e seguridade industrial. Así, a Consellería desenvolve, a través da Dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, directamente dependente da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, as competencias e funcións en materia de estratexia industrial, administración industrial, seguridade e calidade industrial, solo empresarial, e en particular, o desenvolvemento de medidas dirixidas a facilitar a dispoñibilidade de solo empresarial, que permita a implantación de novas empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, ou a ampliación das existentes.

Que o Igape é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Entre as empresas participadas polo Igape atópase XesGalicia, a cal é unha empresa pública, que desde o ano 1999 financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, outorgando, como complemento, préstamos participativos ou préstamos comúns a longo prazo a empresas participadas, realizándoo a través da xestión e administración de diferentes e específicos Fondos de Capital Risco e unha sociedade de capital risco.



II. Que a Fundación CEL é unha entidade sen ánimo de lucro creada no ano 1997 no seo da Confederación de Empresarios de Lugo, rexida pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e polos seus estatutos, con ámbito de actuación autonómico e preferente na provincia de Lugo, que por vontade das súas entidades fundadoras ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral. O seu obxectivo fundamental é o fomento do espírito emprendedor, apoiando proxectos empresariais desde os seus inicios ata a súa consolidación e facilitando a súa labor aos mozos emprendedores nos seus primeiros pasos.

Para a consecución do seu fin primordial e obxectivos conexos, reflectidos todos eles no artigo 5º dos seus Estatutos (impulso de iniciativas empresariais, apoio e asesoramento a potenciais empresarios, impulso de iniciativas en materia de I+D+i, de internacionalización, de mellora da competitividade a través da innovación, promoción de uso das NNTIC nas empresas galegas, con especial atención a emprendedores e empresas de nova creación), a Fundación CEL agrupa a diferentes organizacións empresariais, entidades mercantís, e empresarios individuais especialmente vinculados á provincia de Lugo, colaborando así mesmo coas diferentes administracións públicas e outros entes do sector público e privado, co obxecto de fomentar e promover a través da Fundación investimentos, así como calquera iniciativa para a promoción e desenvolvemento da Comunidade Autónoma (preferentemente da provincia de Lugo), pondo en marcha, coordinando e asesorando tales actuacións.

III. Que a Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

IV. Que o desenvolvemento dunha industria aeronáutica en Galicia é un obxectivo das políticas de innovación e industria da Xunta de Galicia e que por iso lanzou a iniciativa estratéxica coñecida como a Civil UAVs Initiative (CUI), dirixida a lograr a mellora da eficiencia e a eficacia nun amplo número de servizos e actividades que realiza o sector público galego mediante o emprego de aeronaves e vehículos mariños non tripulados.

V. Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro de 2013, de emprendemento e competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, de acordo co establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e a innovación en Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional, e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

Este programa alíñase tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e a innovación de Galicia, como cos retos 1 e 2 e coas prioridades 1 e 2 contidos na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, e co obxectivo estratéxico 2 (equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado) e programa Innova e emprende da devandita Estratexia.

VI. Que este convenio da continuidade ao asinado o 12 de abril de 2022 para a proseguir coa Business Factory Aero, cun período de vixencia ata o 30 de decembro de 2024.



VII. De acordo cos antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta do evidente beneficio que actividades como as desenvolvidas por este tipo de programas reportan ao conxunto da sociedade, a Consellería de Economía e Industria, Igape, XesGalicia e Fundación CEL teñen interese en xuntar esforzos e por en común as súas sinerxías e experiencia en prol da potenciación de programas de emprendemento e innovación que, por mor das súas experiencias noutras iniciativas de fomento e apoio ao emprendemento, deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na continuidade do Foco de Emprendemento no Sector Aeronáutico e Aeroespacial de Galicia (Business Factory Aero- BFAero) e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para dar continuidade ao Foco de Emprendemento no Sector Aeronáutico e Aeroespacial de Galicia (Business Factory Aero- BFAero) que implemente programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector aeronáutico e aeroespacial e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

A BFAero é a Actuación 25 do Plan Estratéxico da Civil UAVs Initiative 2021-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 20 de maio de 2021. Trátase da aceleradora do sector aeronáutico da Civil UAVs Initiative e, polo tanto, da Xunta de Galicia.

Co propósito de que BFAero sexa un programa referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector aeronáutico e aeroespacial, contéplase a integración dos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de innovación vertical no sector aeronáutico e aeroespacial en Galicia, que porá en común os seguintes recursos:

- a) Recursos humanos e económico-financeiros.
- b) Infraestruturas físicas axeitadas para as accións que se van desenvolver.
- c) Recursos de coñecemento: formación, coaching e Mentorización.
- d) Servizos de asesoramento e apoio en materia de negocio, administración de empresas e financiamento, entre outros.
- e) Contacto con compañías líderes que faciliten acceso aos mercados, validación da proposta de valor e ou modelo de negocio e networking, entre outros.



f) Plataforma "alumni" para que os participantes na BFAero poidan manterse en contacto, potenciando así unha rede de colaboración para facilitar o xurdimento de sinerxías entre as ditas empresas.

Segunda. Sector de Actividade – BFAero

Considerarase susceptible de apoio calquera empresa ou actividade relacionada directa ou indirectamente co sector aeronáutico e aeroespacial; definiranse as temáticas específicas de cada convocatoria tras a aprobación polo Comité Executivo e incluíranse nas bases correspondentes, entre outras e sen ánimo exhaustivo, incluíranse temáticas de:

- Plataformas e os seus compoñentes: estruturas, enerxía, propulsión, sistemas, navegación, pilotaxe.
- Equipos e sistemas: tanto embarcados como en terra.
- Aplicacións dos vehículos non tripulados para mercados concretos.
- Tecnoloxías aplicadas ao sector satelital, incluíndo desenvolvemento, operación e a súa integración en solucións aeroespaciais.

Terceira. Planificación e fases do Programa BFAero

O Programa BFAero desenvolverase ao redor de convocatorias de carácter anual, constando cada edición das seguintes fases:

- Convocatoria.
 - Convocatoria fase de Incubación.
 - Convocatoria fase de Aceleración.
 - Convocatoria fase de Consolidación.
- Selección.
- Apoio ás empresas seleccionadas.
- Fin do programa e seguimento de investimentos.

As fases de incubación, aceleración e consolidación non son necesariamente consecutivas, podendo accederse a consolidación sen pasar por aceleración ou non apoiarse en aceleración a empresas incubadas.

Fase 1: Convocatoria

A proposta do equipo de xestión, e trala aprobación polo Comité Executivo, realizarase unha convocatoria pública a través da páxina web propia do programa BFAero e noutros medios como redes sociais, portais web, etc. Os solicitantes formalizarán a súa solicitude de participación e achegarán a información respecto dos seus proxectos que se indique nas bases da convocatoria.



Todos os entes asinantes apoiarán a difusión do programa BFAero incorporando unha ligazón á web do programa BFAero nas súas respectivas páxinas web institucionais.

Realizaranse convocatorias para cada edición e para cada fase nas datas estimadas que seguen:

Sexta edición- 1º trimestre do ano 2025.

Sétima edición- 1º trimestre do ano 2026.

Oitava edición- 1º trimestre do ano 2027.

Os procesos de convocatoria, contemplarán a captación de proxectos para a súa participación nas fases de incubación, aceleración e consolidación e terán, necesariamente, unha proxección de carácter internacional establecéndose as canles de difusión necesarios para iso.

Fase 2: Selección

Valoraranse todos aqueles proxectos que cumpran os termos e condicións fixados nas bases da convocatoria.

A selección de empresas realizarase con rigoroso respecto ao dereito español e comunitario no que se refire á garantía da concorrência, a transparencia e a igualdade de oportunidades para todas as entidades solicitantes.

A selección estruturarase, polo menos, nas seguintes subfases:

Subfase 1: revisión do cumprimento das condicións contidas nas bases reguladoras, que avaliará o equipo de xestión. O citado equipo poderá requirir a emenda da documentación presentada se esta fose incorrecta.

Subfase 2: avaliación da memoria presentada xunto co formulario de solicitude e documentación complementaria de acordo ás metodoloxías de avaliación xa utilizadas e avaliadas nas primeiras cinco edicións, particularmente dende o punto de vista da calidade do proxecto e adecuación do equipo para a posta en marcha do proxecto con garantías, que avaliará o Comité Executivo, quen poderá solicitar informes de terceiros expertos.

Subfase 3: Entrevista persoal cos promotores de cada proxecto ou empresa e avaliación da súa capacidade para conseguir o exposto na memoria.

Subfase 4: Definición de estratexia de financiamento e de apoio das empresas seleccionadas por parte dos entes financiadores. Elaboración do borrador do Plan de Apoio.

Subfase 5: Proposta de financiamento/apoio económico ás empresas e negociación do Plan de Apoio.

Subfase 6: Firma do Acordo Marco e acordos de financiamento, no seu caso, con cada empresa.



Fase 3: Apoio ás empresas seleccionadas

Unha vez asinado o acordo marco e os acordos de financiamento, comezará a fase de apoio ás empresas seleccionadas.

A Fundación CEL realizará un itinerario ou Plan de Apoio para cada empresa seleccionada, que se achegará ao Acordo Marco e que detallará o apoio personalizado que recibirá cada unha das empresas por parte dos distintos actores que promoven a BFAero, tanto no relativo ao financiamento como ao apoio en infraestruturas, equipamento e coñecemento.

O apoio ás empresas deberá adecuarse a tres modalidades:

A. Apoio en fase de incubación

Tratarase de dar apoio a proxectos nunha primeira etapa, en fase temperá que se atopan entre o nacemento da idea a realización dunha proba de concepto e a validación do modelo de negocio. Dirixirase fundamentalmente a proxectos de emprendemento no sector aeronáutico e aeroespacial que poden provir de universidades e distintas entidades de formación públicas e/ou privadas (spin-offs), empresas independentes (start-up) ou de escisións de empresas (spin-outs). Non se financiarán proxectos que non creasen ou comprometan a creación dunha empresa con razón social e fiscal en Galicia durante o período de incubación.

Cada proxecto na fase de incubación recibirá os servizos e apoio necesario ás súas características individuais, recolléndose o comprometido no itinerario ou Plan de Apoio. A duración máxima desta fase será 12 meses.

O número máximo de empresas a apoiar en fase de incubación será o seguinte:

- Sexta edición: 3 proxectos
- Sétima edición: 3 proxectos
- Oitava edición: 3 proxectos

B. Apoio en fase de aceleración

Centrada en dar apoio a proxectos con alta capacidade de desenvolvemento, durante o transcurso do programa, dun produto mínimo viable (PMV) ou aquelas empresas que teñan unhas vendas iniciais e capacidade de crecemento, cun modelo de negocio validado.

Financiaranse proxectos que creasen ou se comprometan á creación dunha empresa con sede social e fiscal en Galicia ou a proceder a apertura dun centro de traballo en Galicia durante o período de aceleración.

Cada proxecto na fase de aceleración recibirá os servizos e apoio necesario ás súas características individuais, recolléndose o comprometido no itinerario ou Plan de Apoio. A duración máxima desta fase será 8 meses.



As empresas deberán de ser empresas emerxentes e deberán de cumprir con algún dos seguintes requisitos;

- a) Ser de nova creación ou, no sendo de nova creación, cando non transcorreran máis de cinco anos dende a data de inscrición no Rexistro Mercantil, o Rexistro de Cooperativas competente, da escritura pública de constitución, con carácter xeral.
- b) Ou de sete anos no caso de empresas biotecnoloxía, enerxía, industriais e outros sectores estratéxicos ou que deseñaran tecnoloxía propia.

Polo tanto, estará destinada a pemes do sector aeronáutico e aeroespacial no seu proceso de aceleración: empresas innovadoras (con modelo de negocio validado e en fase de crecemento) que leven a cabo actividades de investigación industrial, desenvolvemento experimental ou innovación tecnolóxica no marco das liñas de investigación/innovación propostas nas distintas convocatorias. Cada empresa na fase de aceleración recibirá os servizos e apoio necesario ás súas características individuais, recolléndose o comprometido no Itinerario ou Plan de Apoio.

O número máximo de empresas a apoiar en fase de aceleración será o seguinte:

- Sexta edición: 5 proxectos
- Sétima edición: 5 proxectos
- Oitava edición: 5 proxectos

C. Fase de Consolidación

Esta fase está centrada en dar apoio a empresas do sector aeronáutico ou aeroespacial cunha antigüidade máxima de ata 7 anos, con alta capacidade de crecemento, con sede social en Galicia, e/ou centro de traballo en Galicia.

Trátase xa de empresas cun produto ou servizo definido e un mínimo de vendas reais dun ano demostrables. O modelo de negocio debe estar estruturado e con posibilidade de ser escalado. A empresa empeza a crecer, aínda que dunha maneira incipiente.

Cada empresa na fase de consolidación recibirá os servizos e apoio necesario ás súas características individuais, recolléndose o comprometido no Itinerario ou Plan de Apoio. A duración máxima desta fase será 6 meses.

O número máximo de empresas a apoiar en fase de consolidación será o seguinte:

- Sexta edición: 3 proxectos
- Sétima edición: 3 proxectos
- Oitava edición: 3 proxectos



Fase 4: Fin do programa e seguimento de investimentos

Concluído o proceso de apoio ás empresas seleccionadas, procederase a realizar o licenciamiento das devanditas empresas.

Con carácter previo a devandito licenciamiento, a Fundación CEL redactará un estudo de caso de cada empresa, de acordo ás metodoloxías de avaliación da CIVIL UAVs INITIATIVE, co obxectivo de deixar constancia dos resultados, efectos e impactos conseguidos co apoio a cada unha das empresas.

Previo á data prevista para o devandito licenciamiento, o Comité Executivo considerará as particularidades de cada empresa, para realizar o devandito licenciamiento da maneira óptima tanto para a empresa como para Galicia.

No caso de que as entidades financiadoras manteñan as súas posicións nunha empresa licenciada con posterioridade ao licenciamiento da mesma da BFAero, todas as relacións posteriores a devandito licenciamiento realizaranse de maneira bilateral entre cada entidade financiadora e cada empresa.

Cuarta. *Servizos proporcionados pola BFAero*

BFAero porá a disposición das empresas incubadas/aceleradas/consolidadas, polo menos, os seguintes servizos:

a) Espazos de traballo gratuítos:

- Oficinas baixo marca propia ou niños. Enténdese que non será un viveiro de espazo único, senón que cada empresa terá o seu espazo diferenciado.
- Espazo de coworking con outras empresas do sector.
- Posibilidade de acceso as infraestruturas no marco da CUI e sempre cumprindo o criterio marcado pola CUI.

b) Acceso gratuíto ou a prezos bonificados ao aeródromo de Rozas.

c) Medios TIC gratuítos:

- Inclusión na páxina web da Civil UAVs Initiative.
- Aloxamento de información do proxecto na web de BFAero.

d) Consultaría técnica aeronáutica.

e) Consultaría de negocio.

f) Apoio na procura e negociación de financiamento.

g) Apoio económico e acceso a financiamento nos termos previstos nas cláusulas seguintes.

h) Outros que poida determinar o Comité Executivo.

As partes asinantes deste convenio ou novos participantes no mesmo poderán definir novos servizos que se incluírán como posibles servizos a considerar na elaboración do Plan de Apoio a cada empresa.

Quinta. *Bases do programa BFAero*

O funcionamento operativo de cada unha das convocatorias do programa BFAero establecerase nas bases da convocatoria que terán o seguinte contido mínimo:



- Requisitos para poder participar na convocatoria e forma de acreditarlos, respectando en todo caso os mínimos recolleitos na cláusula seguinte.
- Criterios obxectivos de selección.
- Procedemento de selección.
- Prazo e forma de presentación de solicitudes.
- Medios de notificación e comunicación cos participantes.
- Causas de exclusión.
- Compromisos derivados da participación.
- Protocolo de expulsión.

As bases de cada convocatoria serán aprobadas e/ou actualizadas previamente polo Comité Executivo da BFAero e publicaranse coa apertura de cada convocatoria.

Sexta. *Condicións básicas dos proxectos participantes*

Poderán participar no programa BFAero aqueles proxectos que así o soliciten e cumpran os seguintes criterios mínimos de elixibilidade:

- Equipo solvente e coas capacidades e habilidades necesarias para a xestión técnica e económica dunha empresa, cun mínimo de dúas persoas con dedicación ao proxecto do 100%.
- Proxecto innovador, acelerable e escalable.
- Poderán presentar solicitude para participar na fase de incubación e aceleración do programa BFAero proxectos promovidos por empresas sen constituír. No caso de ser seleccionados, deberán proceder á súa constitución formal con sede social e fiscal en Galicia.
- Dispor, se procede, da propiedade intelectual da idea/proxecto presentado, ou dispor dos permisos correspondentes para o seu uso.

Nas bases de cada convocatoria poderán establecerse requisitos adicionais.

Dependendo da fase de desenvolvemento na que se atopen as empresas, poderán optar á fase de incubación, aceleración e de consolidación. A inclusión nunha ou outra fase do programa BFAero determinarase polo Comité Executivo na Subfase 4 do proceso de selección.

En función do estado de madurez do proxecto, e sempre antes do proceso de selección dos proxectos, o comité executivo poderá cambiar a fase na que candidata o devandito proxecto.



Sétima. Redistribución de proxectos seleccionados por modalidade

O Comité Executivo resérvase o dereito de modificar a distribución de proxectos seleccionados por modalidade de apoio atendendo ás seguintes circunstancias:

- Calidade das propostas: Se a calidade das propostas recibidas nalgunha das modalidades non alcanza os estándares de excelencia requiridos polo programa, poderase axustar o número de proxectos seleccionados en cada categoría.
- Cantidade de propostas: Se se recibe un volume considerablemente maior de solicitudes nalgunha modalidade que noutras, ou ben se nalgunha modalidade non se alcanzase un volume mínimo de propostas, poderase axustar o número de proxectos seleccionados en cada categoría.
- Viabilidade e potencial de impacto: No caso de que se identifique un alto volume de proxectos con alto potencial de impacto ou escalabilidade nunha modalidade específica, poderase axustar o número de proxectos seleccionados en cada categoría.

Oitava. Compromiso básico de financiamento

Enténdese por compromiso básico de financiamento a contía que establecerá a convocatoria como compromiso de financiamento que recibirán as empresas seleccionadas nas fases de incubación, aceleración e consolidación.

Este compromiso ascenderá ás seguintes cantidades máximas:

- Fase de Incubación: 40.000 euros.
- Fase de Aceleración: 60.000 euros.
- Fase de Consolidación: 30.000 euros.

Este compromiso formalizarase nun convenio que se asinará entre Igape e a entidade beneficiaria, de acordo co previsto no Anexo III.

Novena. Acordos de financiamento adicionais

De maneira adicional ao compromiso básico de financiamento, as entidades asinantes e aquelas que se adhiran ao convenio e participen no mecanismo de financiamento para o desenvolvemento do sector aeronáutico e aeroespacial en Galicia, poderán subscribir acordos bilaterais de financiamento cos socios seleccionados, en calquera dos itinerarios do programa.

Para iso, os asinantes acordan integrar no citado mecanismo os seguintes instrumentos dos que actualmente dispoñen, sen ser iso obstáculo para o emprego doutros instrumentos futuros:

XesGalicia: Para cada unha das empresas da fase de aceleración e consolidación, poderá achegar financiamento tanto a través da participación en capital como en forma de préstamo participativo con opción a capitalización ata un máximo de 50.000€ na fase de aceleración e 250.000€ na fase de consolidación. O importe do financiamento estará condicionado a que outros financiadores ou os socios acheguen polo menos o mesmo financiamento ao proxecto, así como superar o proceso de análise do investimento realizado polo equipo de XesGalicia.



Décima. Órganos de decisión e xestión

Para o correcto funcionamento do programa BFAero é preciso establecer un modelo de organización capacitado, de forma que permita controlar e regular o funcionamento da Business Factory Aero, garantir a toma de decisións, minimizar os riscos e garantir a calidade dos servizos e compromisos propostos. Este modelo estrutúrase ao redor das seguintes figuras:

Comité Executivo: será o órgano de decisión para calquera aspecto que afecte ao propio funcionamento da iniciativa. Estará presidido por Igape e contará coa representación de XesGalicia, Fundación CEL, e a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, e entidades colaboradoras con compromiso de adhesión. O número de representantes por entidade será o que se mostra a continuación:

- Igape: 2 membros
- XesGalicia: 1 membro
- Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial: 2 membros
- Fundación CEL: 1 membro
- En representación das entidades colaboradoras: 1 membro

Cada un dos membros contará con un voto.

O Comité Executivo terá, entre outras, as funcións que se indican a continuación:

- Decidir acerca da orientación estratéxica do programa BFAero.
- Aprobar a realización das convocatorias públicas de captación de proxectos.
- Realizar o seguimento do progreso do traballo técnico que afecte o programa BFAero.
- Propor a inclusión ou exclusión dun axente, tal e como se indica na cláusula décimo primeira do convenio.
- Votar a selección final dos proxectos participantes na fase de incubación/aceleración/consolidación.
- Votar sobre a exclusión dalgún dos proxectos participantes.

O funcionamento do Comité Executivo farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Equipo de xestión: será exercido pola Fundación CEL de acordo co establecido na cláusula décimo quinta. Igape designará un equipo técnico encargado de realizar o seguimento das actuacións levadas a cabo polo devandito equipo.

A BFAero non ten personalidade xurídica propia.



Décimo primeira. Participación doutros axentes

Para o desenvolvemento do programa BFAero pode resultar necesaria a participación doutras entidades e organismos, de natureza pública e/ou privada, non recollidas no presente convenio. En particular, prevese a realización de acordos de adhesión ao presente convenio coa seguinte tipoloxía de entidades:

- Empresas do sector aeronáutico ou aeroespacial ou doutros sectores de alta tecnoloxía.
- Entidades de financiamento: venture capital e bancos.
- Partners Internacionais do sector.
- Centros de coñecemento colaboradores.
- Opis.
- Outras institucións.

A participación destes axentes farase efectiva mediante a sinatura do modelo de adhesión que se inclúe como Anexo I. En todo caso, a dita participación, na medida en que poden incidir na operativa do programa BFAero, deberán ser previamente autorizados polo Comité Executivo, previa solicitude de adhesión a BFAero, en condición de "entidade colaboradora" mediante a asunción de, entre outras que a propia entidade propoña, algunhas das seguintes obrigas:

- Achegar recursos materiais e humanos necesarios para a posta en marcha de pilotos que dean solución a retos prantexado pola propia empresa.
- Achega económica necesaria para a finalización dos pilotos e escalados do proxecto, cos seus respectivos acordos de colaboración e documentación de propiedade de resultados.
- Actuar coma Early Adopters de solucións desenvoltas.
- Propoñer a representantes para formar parte do Comité Técnico para os efectos de participar na selección de proxectos participantes na BFAero.
- Realizar o seguimento da evolución da implantación do mencionado piloto e informar periodicamente ao Comité Técnico.
- Achegas non económicas:
 - Mentoring Técnico dos proxectos.
 - Formación.
 - Uso de instalacións técnicas.



- Se a entidade adherida o estima conveniente poderá facilitar ao proxecto acceso aos programas de I+D+i que estime conveniente.
- Se a entidade adherida o estima conveniente poderá facilitar ao proxecto acceso aos seus programas de emprendemento.
- Se a entidade adherida o estima conveniente poderá facilitar ao proxecto acceso aos seus programas de investimento.
- Se a entidade adherida o estima conveniente poderá facilitar ao proxecto tracción comercial.
- Difusión das actividades de BFAero.
- Outros: visitas ás instalacións, invitación a eventos.
- Outros.

Décimo segunda. Obrigas da Consellería de Economía e Industria

A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial como entidade xestora da CIVIL UAVs INITIATIVE, é a máxima responsable da BFAero. Corresponde á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial a definición do posicionamento e a toma de decisións estratéxicas sobre o nome, posicionamento, mercadotecnia e existencia da BFAero.

Ademais disto, a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial será responsable da posta a disposición do resto de actores das instrucións necesarias para o cumprimento das obrigas destes, en especial, en todo o relativo ao seguimento e a avaliación da CIVIL UAVs INITIATIVE.

Décimo terceira. Obrigas do Igape

1. Cofinanciamento do orzamento operativo, segundo o establecido na cláusula décimo sexta.
2. Financiamento do compromiso básico de financiamento, en forma de subvención a fondo perdido aos proxectos e un cofinanciamento dos custos operativos do programa, segundo o establecido na cláusula décimo sexta.
3. Liderado e participación activa nas funcións do Comité Executivo.
4. Aprobación dos plans operativos e os plans de comunicación anuais presentados pola Fundación CEL.

Décimo cuarta. Obrigas de XesGalicia



1. O financiamento dos proxectos tanto a través da participación en capital como en forma de préstamo participativo con opción a capitalización, segundo o establecido na cláusula décimo sexta e sempre que cumpra as condicións e requisitos que para ese efecto se establezan por XesGalicia.

2. A participación activa nas funcións do Comité Executivo.

Décimo quinta. Obrigas da Fundación CEL

A Fundación CEL será a responsable da operativa da BFAero, sendo as súas obrigas:

1. A participación activa nas funcións do Comité Executivo.
2. Facilitar un espazo para aloxar a sede inicial da BFAero no Palacio de Exposicións e Congresos de Lugo (como mínimo, inicialmente 500 m2).
3. Proporcionar o equipo de xestión da BFAero composto, polo menos, por dous profesionais.
4. Elaborar un plan operativo anual e un plan de comunicación anual.
5. Redactar as convocatorias e xestionar todo o proceso de selección de empresas.
6. Xestionar as infraestruturas e as actividades de soporte ás empresas.
7. Realizar a mercadotecnia e a promoción da BFAero.
8. Realizar o control económico e financeiro da BFAero.
9. Presentar a Igape unha memoria económico-financieira anual de acordo ás instrucións de xustificación de gastos que proporcionará a institución.
10. Acompañar cada xustificación de gastos presentada a Igape dun informe de auditoría.
11. A organización e xestión das actividades propias da BFAero, incluíndo o programa de formación.
12. A organización e xestión de todos os servizos prestados pola BFAero ás empresas seleccionadas.
13. A coordinación de todas as actividades de apoio do resto de asinantes.
14. A xestión operativa das instalacións da BFAero: recepción, limpeza, telecomunicacións, etc.
15. A xestión de provedores e, se é o caso, a licitación e sinatura de contratos con provedores da BFAero.
16. A elaboración de informes mensuais e o reporting no marco da Civil UAVs Initiative.



17. O mantemento da BBDD e do CMI da BFAero.

18. A organización e convocatoria de reunións e a xestión de incidencias.

19. Dinamizar as actividades da Comunidade BFAero.

20. O equipo xestor da BFAero facilitará ao Igape todos aqueles datos e información que este considere necesarios para a alimentación do sistema de monitorización das aceleradoras de emprendemento innovador promovidas pola Xunta de Galicia, para facilitar o seguimento por parte de Igape da execución e desenvolvemento do presente convenio en aras de avaliar a eficacia e eficiencia do mesmo, medindo aspectos como o retorno de investimento realizado.

No caso de incumprimento da presente obriga, poderase minorar en ata un 20% a achega económica do Igape para o financiamento operativo e técnico da BFAero, feito que se determinará na pertinente comisión de seguimento convocada para tal fin.

21. Calquera outra que, de maneira xustificada, lle sexa encomendada polo Comité Executivo.

Para a realización destas actividades integrará e/ou contratará ao equipo necesario composto polo menos polos seguintes perfís:

- Responsable do programa BFAero: persoa con experiencia na xestión de infraestruturas do sistema ciencia-tecnoloxía-empresa.
- Coordinador/a técnico do programa BFAero.
- Administrativo/a de apoio do programa BFAero.

22. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

Décimo sexta. Compromisos de achegas económicas para o financiamento dos proxectos participantes

- Financiamento de Igape

Igape achegará a cantidade de 1.530.000 €, dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para os anos 2025, 2026 e 2027, segundo segue:

Aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7700.

Igape	2025	2026	2027	Total
Incubación	120.000 €	120.000 €	120.000 €	360.000 €
Aceleración	300.000 €	300.000 €	300.000 €	900.000 €
Consolidación	90.000 €	90.000 €	90.000 €	270.000 €
Total (€) por anualidade	510.000 €	510.000 €	510.000 €	1.530.000 €



Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do devandito regulamento, o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un estado membro a unha única empresa, non excederá de 300.000€ durante calquera período de tres anos. O devandito límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen, ou do obxectivo perseguido.

Con base ao anterior, xunto coa documentación xustificativa relacionada no Anexo III deste convenio, o beneficiario terá que presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.

O Igape fará efectivas estas axudas unha vez verificado que se cumpren os requisitos de xustificación establecidos no Anexo III e unha vez que o Equipo de Xestión certifique a relación de proxectos seleccionados.

Non obstante o anteriormente indicado, as entidades cuxos proxectos foran subvencionados con anterioridade por Igape no marco de calquera outro programa similar de aceleración, nas súas fase de incubación, aceleración ou consolidación, quedarán excluídas da subvención de Igape prevista neste convenio.

A dita exclusión non aplicará no caso de proxectos que sexan financiados unicamente mediante a participación nas distintas fases da aceleradora BFAero.

- Financiamento de XesGalicia

Para as fases de aceleración e de consolidación, XesGalicia poderá financiar mediante a participación no capital social da empresa ou mediante a concesión dun préstamo participativo, con ou sen opción de capitalización, a cada un dos proxectos seleccionados que superen o proceso de análise do investimento realizado polo equipo e os órganos de decisión de XesGalicia.

O vehículo de investimento ou financiamento será o Fondo de investimento que mellor se adapte á fase da evolución do proxecto e este apoio estará condicionado a que outros socios, investidores ou financiadores acheguen, polo menos, en achegas dinerarias, a mesma contía ao mesmo.

Con carácter xeral, o importe máximo será de ata 50.000€ na fase de aceleración e de 250.000€ na fase de consolidación. Con todo, estes importes poderán excederse se as características do proxecto así o aconsellan sempre e cando non se excedan os importes asignados globalmente ao Programa nunha mesma anualidade.

Para este financiamento terá que estar constituída a empresa e ter o seu domicilio social e fiscal en Galicia.



Procurarase a amortización proporcional de tódalas fontes de financiamento do proxecto.

As compañías financiadas por XesGalicia serán sometidas a un seguimento posterior para o que deberán achegar información económico-financeira periódica e calquera outra información e/ou documentación que se considere necesaria para a avaliación da evolución do proxecto asociado.

XesGalicia				Total
	6ª edición	7ª edición	8ª edición	
Aceleración	250.000€	250.000€	250.000 €	750.000€
Consolidación	750.000€	750.000€	750.000 €	2.250.000€
Total edición por	1.000.000€	1.000.000€	1.000.000 €	3.000.000€

Este financiamento será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional, para o mesmo fin, sen que en ningún caso, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo da actividade subvencionada e os límites máximos do financiamento público.

No caso de abandonar, non cumprir co establecido na convocatoria do programa ou coas condicións establecidas para a súa concesión ou un informe negativo de seguimento, dará dereito a XesGalicia a resolver o financiamento concedido, esixindo o reintegro dos importes desembolsados e a non realizar os desembolsos pendentes.

No caso de que un proxecto recibise financiamento de XesGalicia nunha fase concreta, aceleración ou consolidación, ao amparo dun Programa non poderá recibir financiamento noutro Programa para a mesma fase do mesmo proxecto.

A documentación a presentar a XesGalicia para a obtención deste financiamento está relacionada no Anexo IV deste convenio.

Décimo sétima. Financiamento operativo do programa BFAero

Para o financiamento operativo do programa BFAero, a Fundación CEL, como responsable da xestión, asignará medios e recursos internos e externos para a posta en marcha e desenvolvemento do programa.

Igape cofinanciará os custos de execución e xestión do programa BFAero cunha achega plurianual de ata o máximo do 100 % dos custos xustificandos pola Fundación CEL, cos límites especificados na seguinte táboa de orzamento dedicado plurianual:

Aplicación orzamentaria: 09.A1.741A.6400

Igape	2025	2026	2027
Total (€) por edición e ano	995.158€	995.158€	995.158€



A xustificación ao lgape de gastos operativos realizarase conforme ao establecido no Anexo V.

No caso de que as entidades tractoras, no cumprimento das súas obrigas adquiridas coa entidade xestora da CUI, tiveran que realizar achegas económicas para financiar o funcionamento operativo de BFAero, o presente convenio poderíase ver modificado mediante a aprobación da correspondente addenda, de xeito que a achega do lgape veríase reducida na mesma cantidade achegada pola entidade xestora en cuestión.

O presente convenio tramitarase como anticipado de gasto conforme ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso a disposición ou compromiso do gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas destes.

Décimo oitava. *Vixencia*

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura, ata o final das fases de consolidación da oitava edición do programa BFAero co límite do 31 de decembro de 2027.

Décimo novena. *Comunicación*

A Fundación CEL establecerá un documento guía para o desenvolvemento da comunicación do proxecto, no que se describirá o enfoque estratéxico da comunicación da BFAero. O espazo facilitado para aloxar a sede inicial da BFAero está debidamente sinalizado mediante placas ou carteis que inclúen o apoio da Xunta de Galicia a esta iniciativa.

Plan de comunicación: para dar a coñecer todas as actuacións das que consta o proxecto será necesario realizar unha serie de accións e actuacións concretas que terán como obxectivo prioritario dalo a coñecer, tanto aos axentes interesados como na sociedade en xeral. Este Plan de Comunicación deberá aliñarse co Plan de Comunicación da CIVIL UAVs INITIATIVE e ser validado polo Comité Executivo.

As actividades de comunicación e publicidade deberán respectar, en todo caso:

1. A necesaria coordinación previa coa Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, que designará un representante a estes efectos.
2. A obriga de difundir o carácter público do financiamento do programa por parte da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e no seu deseño terase en conta o disposto no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia.

Vixésima. *Comisión de seguimento do convenio*

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao convenio, polos seguintes membros:



- 1 membro por parte da Consellería de Economía e Industria, pertencente á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial,
- 2 membro por parte de Igape, un dos cales actuará como presidente.
- 1 membro por parte de XesGalicia.
- 1 membro por parte da Fundación CEL.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Igape poderá convidar a participar na devandita comisión a cantos expertos ou asesores considere oportuno.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Vixésimo primeira. *Causas de resolución*

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Vixésimo segunda. *Publicidade*



De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

Vixésimo terceira. *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e ningunha das entidades asinantes deste convenio.

Vixésimo cuarta. *Deber de segredo e confidencialidade*

As partes asinantes comprométese a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos e informacións que obteñan en virtude da execución deste convenio e, en particular, toda a información á que teñan acceso en relación cos proxectos participantes no programa BFAero.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de sinatura deste documento, salvo consentimento expreso e mancomunado dos asinantes do convenio.

Os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorporaranse ao correspondente ficheiro titularidade de cada un dos promotores.

Os promotores levarán a cabo un tratamento dos devanditos datos para o fin, exclusivamente, de avaliar e valorar os proxectos presentados, de xestionar a participación no Programa e de difundilo e facer promoción pública deste. Os promotores non recollerán, utilizarán ou revelarán información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que os participantes dean o seu consentimento ou haxa algún deber legal.

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), ningunha das entidades participantes no programa BFAero nin ningún dos seus representantes poderán facer ningún tratamento dos datos persoais aos que en virtude do disposto neste convenio puidesen ter acceso.

Á marxe do anterior, queda expresamente prohibida a utilización polas partes dos datos persoais aos que potencialmente puidesen ter acceso.

As obrigacións desta sección non supoñen ningunha restrición ás partes para poder cumprir cos deberes legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade governamental.

Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración deste convenio, ou que pase a selo con posterioridade a este, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.



Vixésimo quinta. Autorizacións

A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, XesGalicia e Fundación CEL, consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes das persoas asinantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante o Instituto Galego de Promoción Económica.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se abone o pago, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización a Igape para solicitar o CIF e as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, despois de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta por Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Vixésimo sexta. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptuáase do disposto no apartado anterior, toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do Programa.

Vixésimo sétima. Cesión

Os dereitos e as obrigacións asumidas por cada unha das partes baixo este convenio non poderán cederse a terceiras persoas, sen consentimento previo e por escrito das outras partes. Para estes efectos enténdese por terceiras persoas aquelas que non estean vinculadas organicamente ás partes.

Vixésimo oitava. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De acordo co artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso



administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Vixésimo novena. *Normativa aplicable*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data da sinatura electrónica tomándose como data de sinatura a do último asinante.

A Conselleira de Economía e Industria

Por Fundación CEL

María Jesús Lorenzana Somoza

Luis García Santalla



ANEXO I**MODELO DE ACORDO DE ADHESIÓN**

D./D^a. _____, con DNI número _____ en nome e representación da empresa _____, con NIF _____, domiciliada socialmente en _____ e inscrita no Rexistro Mercantil de _____, ao Tomo __, Libro __, Folio __, sección __, folla __, actuando na súa condición de _____, segundo escritura outorgada ante o notario _____ o día _____ co número _____ de seu protocolo,

MANIFESTA

Que se adhire ao convenio para a colaboración na Business Factory Aero-BFAero, en calidade de entidade colaboradora/investidora mediante a asunción das seguintes.

OBRIGAS

(...) ACHEGAS ECONÓMICAS PARA A OPERACIÓN:

(...) ACHEGAS FINANCEIRAS OU INVESTIMENTO:

(...) ACHEGAS NON ECONÓMICAS:

- Mentoring
- Formación
- Uso de instalacións técnicas
- Difusión
- Outros (detallar)



ANEXO II

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR AO IGAPE CON CARÁCTER PREVIO Á SINATURA DOS CONVENIOS DE CONCESIÓN DIRECTA

Para determinar a procedencia do pago das axudas a cada beneficiario terase en conta a certificación emitida polo equipo de xestión, relacionando os proxectos incorporados definitivamente á incubadora.

Coa devandita certificación achegarase, para cada proxecto incorporado á aceleradora, a seguinte documentación:

- NIF da empresa.
- Declaración da titularidade da conta na que se deben realizar os pagos, na que deberá constar a razón social da empresa, o código internacional de conta bancaria (ÍAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/ SWIFT).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.
- Escrito relacionando cada proxecto seleccionado coa empresa constituída e o seu representante legal, así como as datas de inicio e final da fase de incubación, aceleración e consolidación.



ANEXO III

MODELO DE CONVENIO DE CONCESIÓN DIRECTA

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS PREVISTAS NO CONVENIO ASINADO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), SOCIEDAD XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA) E A FUNDACIÓN CEL INICIATIVAS POR LUGO (FUNDACIÓN CEL), PARA O DESENVOLVEMENTO DA 6ª, 7ª E 8ª EDICIÓN DA AERONAUTICS BUSINESS FACTORY- BFAERO.

REUNIDOS:

Dunha parte, Dª. MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o dito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), por razón do seu cargo e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica;

Doutra parte, D/Dna. _____, con NIF _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____, en nome e representación da empresa _____, promotora do proxecto _____.

EXPOÑEN:

I. Que a Consellería de Economía e Industria, o Igape, e XESGALICIA Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado SAU (en diante, XesGalicia) e a Fundación CEL Iniciativas por Lugo (en diante, Fundación CEL), asinaron un convenio para a continuidade da Aeronautics Business Factory- BFAero.

II. Que o citado convenio prevé diversas achegas económicas para os proxectos seleccionados para a fase de incubación e aceleración polo Comité executivo do Programa BFAero, condición que cumpre o proxecto anteriormente indicado.

III. Este convenio alíñase, tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como coas prioridades contidas no Plan de Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), en concreto, no programa marco de emprendemento Innovador.

Ao mesmo tempo, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización establece como obxectivo no seu artigo primeiro o apoio ao emprendedor e a súa actividade empresarial, favorecer o seu desenvolvemento, crecemento e internacionalización e fomentar a cultura emprendedora e unha contorna favorable á actividade económica, tanto nos momentos iniciais ao comezar a súa actividade como no seu posterior desenvolvemento, crecemento e internacionalización.



IV. O carácter singular deste convenio vén xustificado pola existencia dunha selección previa do proxecto beneficiario que contou con debidos requisitos de publicidade e selección en réxime de concorrência competitiva.

Os requisitos de publicidade garantíronse mediante a publicación da convocatoria do Programa BFAero na páxina web do citado programa, estando aberta a dita convocatoria a todos aqueles proxectos que cumpriran as condicións específicas do programa.

Con base no exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre o Igape, XesGalicia e a Fundación CEL para o desenvolvemento do Programa BFAero.

Incorporarase ao presente convenio, un documento descritivo das características particulares do proxecto, segundo o modelo que para ese efecto se facilita, así como o Plan de Apoio previsto co proxecto incubado.

Segunda. *Obrigas do beneficiario*

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

- a) Proceder ao reintegro da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións de participación no programa BFAero.
- b) Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; e someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar os devanditos órganos relativas ao control financeiro, e demais aplicables; así como as levadas a cabo polo órgano concedente; e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse axiña que como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para o contrato menor, a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Prestar consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega dos datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de



transparencia e bo goberno, relativo ás obrigacións específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, de 20 de xullo, e 132/2006, de 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

f) Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

g) Subministrar toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento deste deber serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

h) Dar cumprimento ás obrigacións de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Terceira. Financiamento e gastos subvencionables

O importe total da axuda a conceder por parte do Igape ten a seguinte distribución:

- 40.000 €, correspondentes a proxectos participantes da fase de incubación.
- 60.000 €, correspondentes a proxectos participantes da fase de aceleración
- 30.000 €, correspondentes a proxectos participantes da fase de consolidación.

As datas correspondentes da fase de incubación, aceleración e consolidación estarán especificadas no documento descritivo anexo a este convenio.

O devandito importe financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7700 dos orzamentos do Igape para a anualidade correspondente.

Para determinar a procedencia do pago das axudas ao beneficiario, terase en conta a certificación emitida polo equipo de xestión do Programa BFAero, relacionando os proxectos seleccionados para a fase de incubación e aceleración polo Comité Técnico do Programa.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto de acordo coas actividades previstas no plan de apoio da fase de incubación e aceleración. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de inicio e fin da fase de incubación, aceleración e consolidación.

A modo indicativo, considéranse elixibles os seguintes conceptos:

- Custos de persoal adscrito ao Centro de Traballo situado en Galicia cun límite do 80% dos custos totais a xustificar no caso de proxectos de incubación e do 50% dos custos totais a xustificar no caso de proxectos de aceleración e consolidación. Os proxectos xustificarán a adscrición e dedicación do persoal mediante o rexistro diario de xornada contemplado na lexislación laboral.

A continuación preséntase a porcentaxe imputable de custos de persoal do equipo promotor en función da modalidade a que pertenza:



Modalidade	% imputable de custos de persoal do equipo promotor
Incubación	100% de 1 persoa, 50% o resto
Aceleración	70% de 1 persoa, 30% o resto
Consolidación	30% todas as persoas

- Custos de participación feiras, congresos e outras actividades de networking específicas para o proxecto.
- Adquisición de equipamento e material instrumental na medida en que se utilicen para as actividades de aceleración.
- Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais; incluíranse os custos derivados da obtención de certificacións oficiais necesarias para a viabilidade do proxecto.
- Servizos tecnolóxicos externos.
- Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a saída ao mercado, ou para a busca de investidores.
- Subcontratacións (límite do 50%).

De acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (importe igual ou superior a 15.000 € no momento de sinatura do convenio) o beneficiario deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades, o que deberá xustificarse expresamente, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Consideraranse subcontratacións as actuacións contratadas con organismos de investigación ou outras entidades, que supoñan a execución dunha parte das actividades incluídas o programa de aceleración que constitúe o obxecto da subvención. A subcontratación debidamente xustificada e motivada deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que, en todo caso, esta non poderá superar o límite do 50% do custo total da actividade subvencionada.

Nos casos en que se realice esta subcontratación, os beneficiarios deberán achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con eles, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

No caso de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

Igape achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable para a súa concesión, o cumprimento por parte dos seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios.

Cuarta. Réxime de pagos



Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei; poderanse realizar pagos á conta e pagamentos anticipados, respondendo estes a entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación serán fornecidas polo Igape, sendo preciso presentar a documentación de maneira ordenada seguindo a estrutura establecida nas devanditas instrucións. A documentación presentárase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación.

Para cada anualidade da fase de incubación poderanse solicitar os seguintes pagos nas datas límite relacionadas no documento descritivo anexo a este convenio:

A) Primeiro pago.

Poderá pagarse ata máximo dun 50% da cantidade destinada a cada un dos proxectos seleccionados, de forma anticipada, previa solicitude e segundo a seguinte clasificación dos itinerarios:

Incubación:	Aceleración:	Consolidación
Anticipo 50% Pago 6º mes con cumprimento execución 25% Pago final 25% a xustificación	Anticipo 50% Pago final 50% a xustificación	Pago ao finalizar e xustificación

Tódolos anticipos solicitados incluírán unha resolución motivada e entrega completa da seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo que será facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse a resolución de concesión doutras axudas.

2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

Transcorrido o primeiro semestre da anualidade, poderán realizarse pagamentos a conta por un importe de ata o 25% do importe do convenio conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Segundo o establecido no artigo 62.2 do Regulamento de aplicación da Lei 9/2007, de 12 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada corresponde aos pagos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

B) Pago final da anualidade e xustificación.



A cantidade restante destinada a cada un dos proxectos seleccionados, pagarase trala solicitude e xustificación da subvención concedida coa seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo que será facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse a resolución de concesión desas outras axudas.

2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, os tres anos anteriores.

3. No caso de subcontratacións, declaración de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar vixentes as anteriormente presentadas

c) Memoria económica, no modelo que será fornecido polo Igape e na que se relacionarán os gastos realizados coa subvención percibida incluíndo a súa relación coas actividades propostas da fase de aceleración.

d) Documentación xustificativa do gasto: os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa.

e) Documentación xustificativa do pago: os pagos xustificarase mediante transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios. En ningún caso admitiranse os pagos xustificadas mediante recibo do provedor.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. No caso en que no documento de pago non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pago (trazabilidade).

No caso en que un xustificante de pago inclúa varias facturas, xuntarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pago se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagas conxuntamente con outras non referidas ao plan, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pago da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso admitiranse pagos xustificadas mediante recibos do provedor, os pagos por caixa ou en efectivo e os pagos realizados con cartón de débito ou crédito non asociada á empresa beneficiaria.

f) Informe final da anualidade da fase de incubación do proxecto: xustificarase o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e obxectivos conseguidos. Este informe estará asinado polos representantes da entidade beneficiaria e do equipo de xestión do programa BFAero.

A entidade poderá achegar calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas.



g) Certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE, só para os casos de que o IVE non sexa recuperable.

h) Carta de pago á que fai referencia o artigo 48.2. g) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, relativa ao reintegro de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes; exigible nos casos nos que se prevé a posibilidade de concesión de anticipos.

Quinta. Réxime de garantías

O artigo 65 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, establece a obrigatoriedade de beneficiarios e entidades colaboradoras, de constitución de garantías, nos casos, entre outros, nos que se prevé a posibilidade de realización de pagos a conta e anticipados.

O presente convenio establece o pago anticipado de ata un 50% da cantidade destinada ao financiamento do proxecto e un pagamento a conta dun 25% na fase de incubación, transcorrido o primeiro semestre. Considerando que a finalidade que se persegue coa devandita achega, é dar apoio aos diferentes proxectos, facilitando a formalización ou constitución dos mesmos en empresas, e reducindo a carga económica que soporta calquera empresa, tanto nas súas orixes, como no inicio da súa actividade, exonérase da constitución de garantía legalmente prevista; conforme á previsión recollida no artigo 67 do Regulamento da LSG, relativo á posibilidade de autorización por parte do Consello da Xunta, da exención da obriga de constitución de garantías.

Sexta. Alteración das actuacións

A necesidade de modificar as actuacións a realizar, despois de que supón alteración das condicións tidas en conta á hora da concesión, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En calquera caso, só procederase á citada modificación, tras o informe favorable do Comité Executivo.

O procedemento de aprobación de modificación das actuacións iniciárase coa solicitude por parte do interesado, na devandita solicitude deberá indicarse o alcance da modificación proposta, de tal maneira que queden claras as actuacións a modificar e o desenvolvemento do proxecto. A dita solicitude presentárase no rexistro do Igape.

Logo da devandita solicitude, Igape procederá a reunir o correspondente informe favorable ou visto e prace do Comité Técnico.

Tralas anteriores actuacións, Igape aprobará, no seu caso, a modificación proposta.

A anterior modificación, de producirse, formalizarase no correspondente documento ou addenda.

Sétima. Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Non obstante o anteriormente indicado, as entidades cuxos proxectos foran subvencionados con anterioridade por Igape no marco de calquera outro programa similar de aceleración, nas súas fase de incubación, aceleración ou consolidación, quedarán excluídas da subvención de Igape prevista neste convenio.



A dita exclusión non aplicará no caso de proxectos que sexan financiados unicamente mediante a participación nas distintas fases da aceleradora BFAero.

Oitava. Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Procederá ao reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente procederá o reintegro (total ou parcial) no caso de incumprimento e / ou mal aproveitamento da aceleración por parte dalgún dos proxectos seleccionados na fase final, o que deberá reflectirse nun informe suficientemente motivado.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do anterior regulamento, o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un estado membro a unha única empresa, non excederá de 300.000€ durante os tres anos anteriores. O límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen, ou do obxectivo perseguido. O beneficiario deberá presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.

Novena. Mecanismos de seguimento e execución

Para o correcto seguimento das accións do convenio, crearase unha comisión de seguimento, paritaria entre representantes de Igape e representantes da entidade beneficiaria.

Décima. Vixencia

Sen prexuízo do disposto na cláusula segunda respecto á data de inicio das actividades de aceleración, o presente convenio estará vixente desde o día da súa sinatura ata a finalización da fase de incubación, aceleración e consolidación, sen posibilidade de prórroga e cuxa amplitude temporal queda delimitada á duración das fases de incubación, aceleración e consolidación definidas na cláusula terceira do convenio da BFAero. A vixencia dos convenios individuais nunca poderá exceder a vixencia do convenio da BFAero.

Décimo primeira. Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei, o disposto no capítulo VI do Título



Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público; e pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.

Décimo segunda. *Modificación do convenio*

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior, toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do Programa.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de firma tomándose como data de firma a do último asinante.

A Conselleira de Economía e Industria

(Representante legal da entidade)

María Jesús Lorenzana Somoza.



ANEXO: MODELO DE DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS CARACTERÍSTICAS PARTICULARES DO PROXECTO

Denominación do proxecto:

Denominación social e NIF da empresa:

Relación promotores/NIF:

Breve descrición do proxecto:

Data inicio/fin fase de incubación-aceleración-consolidación:

Datas límite para a presentación de documentación:

- Primeiro pago (anticipo):
- Segundo Pago (cumprimento de Hitos)
- Xustificación final:

Contía da axuda a fondo perdido:

Outros datos de interese:



ANEXO IV

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR EN XESGALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE CADA UN DOS PROXECTOS NA FASE DE ACELERACIÓN/CONSOLIDACIÓN

- a) Identificación da/s persoa/s de contacto.
- b) Plan de negocio (formato .doc):
- Promotores do proxecto e experiencia relevante: CV e perfís do equipo fundador, destacando a súa experiencia previa, logros e coñecementos relevantes para o proxecto.
 - Antecedentes e descrición do proxecto.
 - Produto ou servizo. Procesos produtivos. Instalacións produtivas.
 - Mercado, sector, competencia.
 - Modelo de negocio.
 - Estratexia de comercialización e marketing. Contratos comerciais clave.
 - Persoal actual da empresa e previsión de evolución do persoal.
 - Investimento previsto e financiamento do proxecto.
 - Plan financeiro con estados financeiros previsionais, como mínimo, de 4 exercicios (modelo facilitado por XESGALICIA en formato Excel).
 - Estado de tesouraría mensual do primeiro ano a contar desde a situación actual (en formato Excel).
 - Resumo executivo dos anteriores elementos (modelo facilitado por XESGALICIA en formato Power Point).
- c) Documentación financeira:
- Contas anuais aprobadas e, no seu caso, auditadas, dos últimos 3 exercicios económicos pechados. No caso de que a empresa teña menos de 3 anos de antigüidade, aportaranse as contas anuais de todos os exercicios pechados desde a súa constitución.
 - Balance, conta de Perdas e Ganancias e estados de tesouraría a data de peche do último trimestre do exercicio corrente.
 - Pool bancario ás datas de peche do último trimestre e do último exercicio económico pechado.
 - Orzamento do exercicio corrente.
 - Informe CIRBE do Banco de España.
 - Relación de todas as axudas públicas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para o mesmo proxecto e, en particular, ao IGAPE. Certificado de non ter débedas co citado Instituto.
 - Financiamento público e privado previsto, solicitado e/ou obtido para o proxecto
- d) Documentación xurídica:
- Escritura de constitución e estatutos vixentes da sociedade.
 - Composición do capital e órganos de administración.
 - Copia do libro de rexistro de socios
 - Certificado de estar ao corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
 - Declaración xurada relativa aos litixios nos que sexa parte a sociedade, os seus socios e/ou administradores.
 - Pacto de socios previos e se fose o caso, compromisos adquiridos por outras aceleradoras
 - Documento LOPD (modelo facilitado por XesGalicia).



- e) Documentación a efectos da prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo (PBLAC):
- Formulario de Identificación do cliente (Modelo facilitado por XesGalicia).
 - Acta de titularidade real
 - CIF definitivo
 - DNI (ou equivalente) do representante da Sociedade ou dos titulares reais.
 - Certificado de titularidade de conta corrente que inclúa a totalidade dos seus titulares
- f) Outra documentación:
- Documentación relativa á propiedade da tecnoloxía e/ou aos dereitos de explotación da mesma.
 - No caso de achegas non dinerarias, documentación da valoración de dicha activos
 - Adhesión ao regulamento interno de publicidade (modelo facilitado por XesGalicia)
 - Autorización do uso do logo da empresa por parte de XesGalicia.

Poderase solicitar toda documentación ou información necesaria para o coñecemento e correcta comprensión do plan de negocio ou da situación económica, financeira e legal da empresa.

A documentación do plan de negocio deberá presentarse en galego ou en castelán, os importes en euros e deberá estar asinada polo representante legal da empresa.

A documentación presentada nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberá vir traducida por intérprete xurado.

Non se poderá utilizar o nome de XesGalicia para outros financiamentos que se poidan solicitar para o proxecto, salvo que isto sexa expresamente autorizado por XesGalicia, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña o non financiamento do proxecto, calquera que sexa a causa.



ANEXO V

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A IGAPE POR PARTE DA FUNDACIÓN CEL, RELATIVA AOS GASTOS SOPORTADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA BFAERO, PARA O PAGO DA COMPENSACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DAS 6ª, 7ª E 8ª EDICIÓNS DE BFAERO

Para o pago da cantidade prevista na cláusula vixésimo segunda relativa á compensación de parte dos gastos incorridos para o desenvolvemento das diferentes fases do programa, a Fundación CEL deberá presentar cada trimestre, a seguinte documentación, relativa aos gastos producidos ata dita data non incluídos en certificacións anteriores:

- Solicitud de pago.
- As solicitudes de pago acompañaranse con sendas memorias comprensivas das actividades levadas a cabo para o desenvolvemento das diferentes fases do programa BFAero, que conterán como mínimo a seguinte información:
 - Memoria descriptiva: desenvolvemento das actividades do convenio.
 - Memoria económica: acreditación do 100 % dos gastos soportados e pagos realizados xunto cun cadro resumo do gasto acreditado, que se realizará acorde co cadro de estrutura de custos incluído no presente anexo, a xustificación terá lugar mediante a presentación dos xustificantes dos gastos recibidos dos diferentes provedores, e da xustificación da realización do pago (transferencia, certificación bancaria orixinal ou extractos de pago). A xustificación de gastos de persoal, realizarase por medio de certificado do persoal asignado ao proxecto, xunto coas nóminas e seguros sociais. Incluírase certificación correspondente aos custos indirectos imputables a cada xustificación de gasto, que representan un máximo do 10% do gasto xustificado.

Xunto coa primeira solicitude, deberá achegar os seguintes documentos:

- NIF da entidade.
- Declaración de titularidade da conta na que se deben realizar os pagos. No devandito certificado deberá constar a razón social da entidade, o código internacional de conta bancaria (ÍAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/SWIFT).
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarios estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. De ser o caso, as ditas certificacións actualizaranse ao momento da presentación da segunda e terceira solicitudes de pago.
- De ser o caso, documentación acreditativa de exención de IVE ou da porcentaxe de pro rata a aplicar para o exercicio correspondente. (certificado de exención ou modelo 390).

A data límite de xustificación será dentro dos quince primeiros días do mes seguinte a finalización do trimestre, a excepción do último trimestre cuxa data límite de xustificación será como máximo o 20 de decembro.



Tendo en conta a especificidade técnica dos servizos externos previstos en canto a súa vinculación con un sector altamente tecnolóxico como o sector aeroespacial e a Fundación CEL poderá subcontratar ata o 80% do importe total dos gastos incorridos para a posta en marcha e desenvolvemento das diferentes fases do programa.

A tipoloxía de gastos subvencionables divídese en

A financiar por Igape:

- Custos propios:
 - Coordinación e xestión.
 - Viaxes.
 - Difusión e comunicación.
 - Xestión de actividades da Comunidade BFAero.
 - Auditorías.
 - Custos indirectos (ata o 10 % sobre o gasto correctamente xustificado).
- Organización e xestión dos premios BFAero.
- Servizos externos de incubación, aceleración e consolidación de proxectos (formación, selección de proxectos, mentoring e consultaría internacional). A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, porá a disposición para o seu uso as infraestruturas de Rozas.

Para potenciar o posicionamento internacional do programa ademais de abrir mercados internacionais aos proxectos, será necesario a contratación, por parte da Fundación CEL, dun provedor ou provedores con capacidade e equipo suficiente para ter dedicación exclusiva ás actividades encomendadas a BFAero e traballar de xeito conxunto co equipo xestor.

Polo tanto neste sentido, a esixencia tamén será a presenza nas instalacións de BFAero acompañando tanto ao equipo xestor como aos proxectos apoiados.

Trátase de levar a cabo as seguintes funcións en cada unha das fases:

- Apoio e achegas na redacción de bases de convocatoria.
- Captación equilibrada de proxectos nacionais/internacionais con potencial de crecemento investidor e con posibilidade real e interese en ter presenza estable en Galicia así como acompañamento aos promotores nas tarefas e trámites legais a realizar para cumprir cos compromisos da aceleradora desde o seu inicio. A convocatoria difundirase noutros medios do programa, así como polo resto de socios do mesmo xeito que noutras edicións.



- Achega de profesionais do sector para incorporar ao equipo de avaliación de candidaturas, que poidan emitir un informe de valoración que sirva de base á selección definitiva por parte do comité executivo.
- Unha vez seleccionados polo comité executivo, proposta do plan de apoio individual e acordo marco dos proxectos seleccionados.
- Elaboración, impartición e seguimento dun programa intensivo de formación adaptado ás necesidades de cada unha das fases.
- Apoio na comercialización internacional e apertura de novos mercados para os proxectos apoiados. Procura de investimento para os proxectos, en consonancia cos instrumentos de financiamento / investimento da aceleradora.
- Panel de mentores expertos que realizarán a Tutorización do proxecto tanto a nivel tecnolóxico como de negocio, valorando e apoiando a comercialización nacional e internacional comentada.
- Panel de actores (compañías, centros tecnolóxicos , universidades) que asumirán o papel de colaboradoras da aceleradora, como dispostas a asumir un papel de early adopter validando as solucións, proposta de valor e o modelo de negocio dos proxectos.

Estas empresas incorporaríanse como colaboradoras/ dinamizadoras do programa formalizando desde un inicio a adhesión ao mesmo. Desde a aceleradora daráselle a debida publicidade a este.

- Panel de expertos en consultaría aeronáutica, normativa legal, etc, para cubrir necesidades concretas dos proxectos.
- Deseño e organización de eventos de networking coa presenza de proxectos consolidados, expertos de referencia no sector e investidores, así como apoio no deseño e organización do evento de licenciamiento.
- Difusión da marca a nivel internacional en consonancia co plan de comunicación da aceleradora.

Así a Fundación CEL, a pesar de non estar obrigada ao cumprimento dos procedementos de contratación e adxudicación previstos na Lei 9/2017, de contratos do sector público, no desenvolvemento do programa BFAERO a Fundación asumirá, para a contratación de servizos externos por importe superior a 100.000€, un procedemento de contratación e adxudicación suxeito a bases preestablecidas (prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas) no que se cursa invitación a presentar oferta de participación no procedemento a un mínimo de tres empresas con ampla experiencia na área obxecto de contratación, iso a fin de garantir a transparencia na contratación e a prestación do servizo a prezo de mercado. Dito procedemento de contratación incluíndo os pregos de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas, deberán ter o visto bo de Igape.

Da mesma forma, e para a contratación de servizos externos no desenvolvemento do programa BFAERO por importe superior a 15.000€, a Fundación CEL asume a obriga de solicitar como mínimo



tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que presten os servizos. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, xustificándose expresamente a elección nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

No cadro que segue inclúense na táboa I, a estrutura detallada de custos totais operativos, así coma os custos operativos financiados por Igape, así como en base á que realizar a xustificación definida no presente anexo.

Admitiranse dentro dos capítulos de custos propios e servizos externos, variacións entre partidas de un máximo do 10% e sen limitación entre as subpartidas de cada capítulo, sempre e cando as variacións non desvirtúan o propósito do proxecto.



TÁBOA 1	6ª edición	7ª edición	8ª edición	
	2025	2026	2027	TOTAL
Custos propios:				
Gastos de persoal de Coordinación e xestión	195.000,00	200.000,00	200.000,00	595.000,00
Viaxes	12.000,00	12.000,00	12.000,00	36.000,00
Comunicación, difusión e marketing	49.157,80	49.157,80	49.157,80	147.473,40
Comunidade BFAero: Networking, premios, alumni	20.000,00	20.000,00	20.000,00	60.000,00
Incubación, aceleración e consolidación de proxectos (formación, mentoring e consultoría)	553.300,00	548.300,00	548.300,00	1.649.900,00
Posta a disposición de uso de infraestruturas Rozas	70.000,00	70.000,00	70.000,00	210.000,00
Auditoría	5.700,00	5.700,00	5.700,00	17.100,00
Custos indirectos (10% sobre anualidade)	90.000,00	90.000,00	90.000,00	270.000,00
ORZAMENTO TOTAL POR ANUALIDADE	995.157,80	995.157,80	995.157,80	2.985.473,40

